

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2014.

=====
==

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 22 de setembro de 2014.

HORA DE COMEZO: 19:30 h.

HORA DE REMATE: 19:45 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto, D^a M^a Lucía Lede Fernández.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria acctal., D^a Maria Rodríguez Gómez e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 28 DE XULLO E 4 E 11 DE AGOSTO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores das Xuntas de Goberno Local, realizadas os días 28 de xullo e 4 e 11 de agosto de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa

constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó cami_o ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.062.- A AMGECABE S.L., con enderezo en Ferrol 10 - Cangas, para na Trav. Xosé María Castroviejo e camiño do Meiral- Coiro, construír unha edificación destinada a establecemento comercial, de 2.364,90 m2 de soto, 2.355,10 de planta baixa, 384,15 de primeiro andar, 57,60 de terrazs e 336,30 metros de cerco, de conformidade co proxecto básico do arquitecto Javier Rial Lemos de xuño de 2 014 e accesos ao mesmo de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico superior de camiños, canles e portos, Francisco José Carmona López de Arco, de xuño de 2 014 e aos condicionates impostos na autorización do Servizo Provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, (AXI) respecto a liña de edificación, o peche e o acceso ao establecemento comercial, todas elas de data 11 de setembro de 2 014, a presentar antes do inicio das obras o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección, estudo de seguridade e documento de calificación do contratista, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Aceptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, efectuada con data 20 de agosto de 2 014.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización da fronte de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 5.788,86 euros.

Ao finalizar as obras presentará comunicación previa para o inicio da actividade.

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 20.618.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR MARIA DEL ' VALLE RIAL MONROY.- A

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, con data 10 de setembro de 2014, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a María del Valle Rial Monroy, con enderezo en Outeiro de Balea 17 - Darbo, para vivenda, sita en Outeiro de Balea - Darbo, construída o abeiro da licenza municipal Nº 20.329. b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 20.618 auséntase o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

2.A.3) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 22.791.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove Sofía Teresa González Piñeiro e Carmen Piñeiro Cordeiro con enderezo en Avda. da Coruña 6 - Cangas, e que consiste nunha división en dúas parcelas brutas, nº 1 de 452,50 m2 e nº 2 de 544,50 m2, procedentes da agrupación de dúas fincas matrices a) de 747,00 m2 e b) de 250,00, sita en Avda. da Coruña 6 e 8 - Cangas.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, visado con data 18 de novembro de 2008, redactado polo aparelador Eduardo Docio Docio.

Segundo.- Declarar a indivisibilidade das parcelas de resultado.

EXPEDIENTE N° 24.563.- A vista da solicitude formulada por Josefa Pazó Fernandez, con enderezo en Paraiso 56 - Darbo, acordase conceder a modificación da licenza municipal de parcelación outorgada pola Xunta de Goberno Local, de data 13 de maio de 2 013, segundo a memoria elaborada pola enxeñeira de montes Rosalía Castro Rios, de data 14 de agosto de 2 014 e da que resultan dúas parcelas das seguintes superficies netas; parcela A de 732, 71 m2 e parcela B de 1300, 02 m2. Visto o art. 205 da LOUGA declarase a calidade de indivisible das parcelas resultantes. A parcela resultante A está edificada, polo que deberá materializarse a cesión dos terreos fóra das aliñacións oficiais no momento en que se eleve a pública esta licenza de parcelación, que ascende a 36,64 m2 e na parcela B a 16,85 m2.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fixéanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 24.460.- A Josefa Villar Martinez, con enderezo en Montemogos 74 - Beluso - Bueu, para en Sartaxens - Mendiña - Aldán, construír un cerco de 101,70 metros, de conformidade coa documentación presentada e debendo deixar libre o cauce do regato e o acceso á praia nun espazo

medido dende o muro lindante de 1,50 metros.

EXPEDIENTE Nº 25.015.- A Isaac Alvarez García, con enderezo en Pintor Laxeiro 13 - BJ, 36211 - Vigo, para en Vilanova -O Hio, construír un muro de contención e defensa contra o mar de 20,90 metros de lonxitude e restauración do cerco existente en 63,15 metros, de conformidade coa proxecto suscrito polo estudo EAU Arquitectura S.L., de abril de 2.014 e os condicionantes impostos na autorización do Servizo de Costas de Pontevedra de data 9 de maio e no informe do POL de daa 31 de xullo de 2 014.

EXPEDIENTE Nº 25.071.- A José Jaime Martínez González, con enderezo en Carballal 14 - Coiro, para no referida lugar, construír un cerco lateral de 67,25 m2, outro tramo frontal de 4,60 m2 un muro de contención de 52, 55 e unha caseta para aperos de 18,95 m2, de conformidade co proxecto do arquitecto Javier Rial Lemos, de xuño de 2 014.

Aceptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, efectuada con data 20 de agosto de 2 014.

EXPEDIENTE N2 24.633.- O tramitado a instancia de José Luis Valderrama González, con enderezo en Donón 47 -O Hio, para cambio de fiestras no referido lugar, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 6 de novembro de 2 002.

EXPEDIENTE N2 25.103.- A Xunta de Goberno Local acorda o arquivo, a petición do interesado da solicitude de licenza de obras promovida por UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., con enderezo en Trav. de Vigo 204 - 36207 - Vigo, para canalización no Hio, poligono 4 parcela 94.

Na petición de arquivo tamén solicita a devolución do ICIO por importe de 47,90 euros, que segundo informe do Xefe do Negociado de Disciplina Urbanística non procede devolverse posto que no presente expediente tamén solicitaron unha certificación urbanística, que se tramitou pero que non recolleron ni abonaron a taxa por importe de 102,09 euros, polo que deberá xirarselle liquidación polo importe da diferenza.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicación previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 24.997.- Teresa Iglesias Caride, substitución de cuberta en Rosada 73.

EXPEDIENTE Nº 25.104.- UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., rede de baixa tensión soterranea en Maria Soliño 6 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.105.- UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., rede de baixa tensión soterranea en San Roque - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.138.- Juan Villar S.A., reparación de cuberta en A Rocha 21 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.146.- Maria Teresa Rial Lemos, peche de oco, reparación de muro e apertura de oco en cerco en Camiño Fontenova 12 - Hio.

EXPEDIENTE Nº 25.167.- Victoria Piñeiro Martínez, reparación e pintado fachadas en Avda. de Vigo 10 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.176.- José González Malvido, realce de cerco en Trigas 25 - Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.078.- Maria Teresa Novas Costas, cambio de cuberta en Nerga 68 - Hio.

EXPEDIENTE Nº 25.198.- UNION FENOSA DISTRIBUCION'S.A., liña de media tensión subterránea de 574,00 metros, cierre, centro de transformación a liña de media tensión aerea en Rodeira - Coiro.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N º1.742.- Iderla Beatriz Benitez churrería en Avda. De Marin 1 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.753.- Fernanda Nogueira Paz, sandwicheria - bar en Avda. Ourense 7 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.754.- Arancha Tomé Martínez, cambio titularidade de comercio polo miúdo xoiería, bisutería e compelentos en Eugenio Sequeiros 12 - Cangas.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE AXUDAS DE COMEDOR, PARA ALUMNOS DE EDUCACIÓN INFANTIL 2ª ESTAPA E EDUCACIÓN PRIMARIA.

Examinadas a proposta do Concelleiro delegado de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, do día 18.09.14, relativa á aprobación das axudas do servizo de comedor escolar para o Curso 2014/2015, por emerxencia social, na que consta a relación de dous beneficiarios de dita axuda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta presentada.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

5º.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DA USC

Examinado o borrador do documento de adhesión ao convenio de colaboración entre Federación de Municipios e Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela, para a organización de prácticas do alumnos da USC.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o documento de adhesión ao convenio de colaboración entre Federación de Municipios e Provincial e a Universidade de Santiago de Compostela, para a organización de prácticas do alumnos da USC.

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do referido convenio.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Universidade de Santiago de Compostela.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

6º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

6º.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO DO DÍA 17.09.2014 DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 3 DE CANGAS (EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 91/2014 EX MONITORIO 232/2010) (X-10/22)

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 18.09.14, referente ao auto do día 17.09.2014 do Xulgado de 1ª instancia e instrucción nº 3 de Cangas (execución de títulos xudiciais 91/2014 ex monitorio 232/2010), que di o seguinte:

" PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO DE DATA 17/09/2014 DO XULGADO DE 1ª

INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 3 DE CANGAS (EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 91/2014 EX MONITORIO 232/2010). (X-10/22)

Visto o contido do Auto de data 03/09/2014 do Xulgado de 1ª instancia e instrucción nº 3 de Cangas, con rexistro de entrada no Concello de Cangas nº 10758 do 17/09/2014, no que se dá conta de que pola entidade TROMPICALLO SC, foi presentada demanda executiva fronte ao Concello de Cangas, en execución derivada do procedemento "monitorio 232/10" e que na súa parte dispositiva acorda:

"1.- Ditar orde xeral de execución do título indicado a favor da executante, TROMPICALLO SC, fronte ao Concello de Cangas, parte executada.

2.- Despáchase execución por importe de 1.161,50 euros en concepto de principal, máis 183,17 euros de xuros vencidos, máis outros 400 euros que se fixan provisionalmente en concepto de xuros que, no seu caso poidan devindicarse durante a execución e os custos desta, sen prexuízo da súa posterior liquidación."

Visto que a obriga resultante do principal xa foi obxecto de recoñecemento con anterioridade pero non así os xuros.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento do Auto de data 03/09/2014 do Xulgado de 1ª instancia e instrucción nº 3 de Cangas recaído na execución de títulos xudiciais 91/2014 derivado do procedemento monitorio 232/10 instruído contra o Concello de Cangas a instancia de Trompicallo. S. C.

Segundo.- Recoñecer a obriga por un importe de 183,17_ en concepto de xuros vencidos, a favor de "Trompicallo, S.C." con CIF n.º G-15965510 con cargo á partida orzamentaria 334.310 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Ordenar o pago de principal máis dos xuros vencidos.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a auto do Xulgado de 1ª instancia e instrucción nº 3 de Cangas (execución de títulos xudiciais 91/2014 ex monitorio 232/2010).

6º.B) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA XUDICIAL Nº 119/2014, PROCEDEMENTO ABREVIADO 200/2013

Dase conta de proposta da Xefa de Urbanismo do día 12.09.14, referente a sentenza do Xulgado Contencioso nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 200/2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 119/2014, de 2 de xullo, do Xulgado Contencioso Nº 1 de Pontevedra recaída no procedemento abreviado nº 200/2013."

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Urbanismo.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "MALLADOIRO", S/ SINALIZACIÓN VIARIA

Dase conta do escrito da asociación de veciños "Malladoiro", presentado o día 9.07.14, con enderezo en baixada á praia nº 32,A-Nerga- O HÍO, no que solicitan sinais de tráfico no lugar de baixada á praia de Nerga.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, acceder ao solicitado.

B) COMUNICACIÓN DE BAIXA POR XUBILACIÓN DE FRANCISCO JOSÉ PIÑEIRO LORENZO

Dase conta do escrito presentado o día 9.06.14 por FRANCISCO JOSÉ PIÑEIRO LORENZO, no que comunica que é funcionario do Concello de Cangas, coa categoría de Policía Local e por dar por finalizada o día 16.10.14 a súa vida laboral, solicita se lle tramite a xubilación regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda conceder a baixa laboral, por xubilación, a Francisco José Piñeiro Lorenzo no Concello de Cangas e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente